

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de novembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 8468 (12/PNC-000877)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación con distintas cuestións relativas ao complemento autonómico do bono social térmico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024
- 1.2 30552 (12/PNC-002758)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación dos parques eólicos de Baro e Greco
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 239f1, do 21.08.2025
- 1.3 34857 (12/PNC-003050)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 6 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da posta en marcha da Praza de abastos num.1, de Ourense, e das actuacións para o acondicionamento exterior e outros proxectos vinculados a ela
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 263f1, do 01.10.2025
- 1.4 35371 (12/PNC-003079)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas co obxectivo de estimular a participación nas subvencións para o impulso da dixitalización e modernización do comercio local e artesanal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f1, do 08.10.2025
- 1.5 38149 (12/PNC-003317)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis

Asinado o día 17/11/2025 ás
12:01
Por Cristina Sanz Arias



Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para conseguir a coordinación necesaria co Concello de Vigo co fin de mellorar as condicións e a proxección do Camiño de Santiago nese concello
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 283f1, do 12.11.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2025

Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 17/11/2025 12:01:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 17/11/2025 12:05:59
Nº Rexistro: 10806
Data envío: 17/11/2025 12:05:59.815

CSV: REXPG-Ly3yE5SX-r8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 12:06:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 17/11/2025 12:05:59
Nº Rexistro: 10806
Data envío: 17/11/2025 12:05:59.815

CSV: REXPG-Ly3yE5SX-r8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Sanz Arias	P
Vicepresidente	
Miguel Fidalgo Iglesias	P
Secretario	
Ramón Tomás Fernández Alfonzo	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Saleta Chao Rivas	BNG
José Manuel Golpe Acuña	BNG
Carmela González Iglesias	BNG
Patricia Iglesias Rey	S
Rubén Lorenzo Gómez	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Ángel Rodríguez Conde	P
Moisés Rodríguez Pérez	P
Brais Ruanova Vilas-Boas	BNG
Borja Vereas Fraiz	P
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 21.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 21.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 8468(12/PNC-000877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación con distintas cuestións relativas ao complemento autonómico do bono social térmico

Publicación da iniciativa, 68, 21.08.2024



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2024 10:54:00
Nº Rexistro: 8468
Data envío: 02/08/2024 10:54:00.533

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa ás medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir o dereito do acceso á enerxía nun contexto de medre disparado da inflación e incremento das dificultades dos fogares galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O medre disparado que sofren os prezos enerxéticos, xunto coa inflación acumulada repercute nun aumento da mal chamada pobreza enerxética. No lugar de ser un dereito, a enerxía é un ben de especulación nun modelo enerxético corrompido no que mandan máis o lobby enerxético do que os gobernos e que é unha estafa en si mesmo porque pagamos a luz co prezo da tecnoloxía máis cara, xerando millóns de beneficios chovidos do ceo para as grandes empresas que os gobernos non queren intervir para non pechar as súas xiratorias.

Aínda que Galiza é un país rico en produción de enerxía eléctrica, este papel produtor non supón un vector de desenvolvemento económico e social por mor das decisións políticas que o acompañan. Isto dificulta a resposta política nun contexto no que se o prezo final da enerxía, nomeadamente da eléctrica, está viciado nun mercado marxinal de funcionamento opaco.

O acceso á enerxía, singularmente para o mantemento do fogar a unha temperatura adecuada, é un elemento de vital importancia para a vida das persoas e

CSM-REXISTRO-1gu2YqW2-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2024 10:54:00
Nº Rexistro: 8468
Data envío: 02/08/2024 10:54:00.533

afecta á súa saúde, benestar e dignidade. O IGE sinala nos seus datos máis recentes, respecto do ano 2022 que 50.822 fogares galegos atópanse con carencia material severa. Esta incidencia calcúlase, entre outros parámetros, tendo en conta aqueles que non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada. A evolución deste dato é máis que preocupante, dado que a cifra de fogares con carencia material severa en 2020, era de 44.442. Un incremento dun 14,36% en tres anos.

As medidas de protección social en materia de enerxía son limitadas. O bono social estatal, a pesares de ser unha ferramenta indispensable, non achega solucións aos problemas de fornecemento eléctrico dos fogares das galegas e galegos. Aínda así, este mecanismo é o que permite o acceso ao bono social térmico, que como o seu nome indica, ten un destino finalista no que concirne á compra de combustíbeis para quecer os fogares.

Nos últimos días do mes de xullo, as persoas beneficiarias do bono social están a recibir as cartas correspondentes ao bono térmico, nas que se constata dous feitos.

Primeiramente, o goberno central reduce as achegas por tipo de consumidor, baixo a premisa do contexto actual dos prezos da enerxía.

En segundo lugar vemos que a Xunta de Galiza non achega cantidade algunha en concepto de complemento autonómico bono social térmico.

Segundo os datos do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto demográfico, entre decembro de 2022 e decembro de 2023, os beneficiarios do bono social eléctrico incrementase en máis de 9.00 familias, acadando a cifra de 93.615 fogares.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2024 10:54:00
Nº Rexistro: 8468
Data envío: 02/08/2024 10:54:00.533

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Artellar de novo o complemento autonómico do bono social térmico para a anualidade de 2023.
2. Incrementar as cantidades adicadas ao bono social térmico, para amortecer os efectos negativos da diminución da achega estatal.
3. Reducir os prazos de tramitación destas axudas, tendo en conta do perfil das persoas demandantes.”

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 02/08/2024 10:46:35

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/08/2024 10:52:44

CSV REXISTRO-IJgu2YqW2-1
Vilanova
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2024 10:54:00
Nº Rexistro: 8468
Data envío: 02/08/2024 10:54:00.533

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/08/2024 10:53:21

Ana Pontón Mondelo na data 02/08/2024 10:53:23

CSV REXISTRO-Igu2YqW2-1
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 21.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 30552(12/PNC-002758)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en
relación coa tramitación dos parques eólicos de Baro e Greco

Publicación da iniciativa, 239f1, 21.08.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:49:27
Nº Rexistro: 30552
Data envío: 06/08/2025 12:49:27,529

Asinado o día 06/08/25
12:38
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª**.

A política eólica en Galicia está a experimentar unha etapa de profunda reconfiguración, marcada pola autorización de novos proxectos ao abeiro da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, e outras modificacións legislativas que permiten autorizar parques eólicos fóra das áreas territoriais previstas no Plan Sectorial Eólico de Galicia de 1997. Esta situación xera incertezas sobre o grao de planificación, impacto ambiental e participación pública no desenvolvemento destas infraestruturas.

Asinado o día 06/08/2025 ás
12:37
Por Lara Méndez López

A recente autorización, polo Consello da Xunta, dos parques eólicos denominados Baro e Greco, promovidos pola empresa Villar Mir Energía e destinados en boa parte a abastecer a planta de Ferroatlántica en Sabón, require unha análise rigorosa e transparente, da que se carece por parte do Goberno galego.

Asinado o día 06/08/2025 ás
12:37
Por Patricia Iglesias Rey

As medidas anunciadas pola Xunta, como descontos nas facturas eléctricas, participación financeira dos veciños ou creación de

CSV: REVPG-Gvcmwkd-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:49:27
Nº Rexistro: 30552
Data envío: 06/08/2025 12:49:27.529

emprego local, non contan con garantías públicas nin teñen un impacto claramente acreditado no benestar colectivo. Por outra parte, chama a atención que a promotora sexa un grupo empresarial cunha traxectoria marcada pola súa proximidade ao Partido Popular e por proxectos industriais fracasados e ambientalmente cuestionados, como a mina de San Finx en Lousame.

É fundamental garantir que calquera nova autorización eólica se realice dentro dun marco de legalidade, planificación pública, transparencia e interese xeral, afastado de prácticas de favoritismo ou trato preferente a determinados operadores.

Por outra banda, a tramitación e autorización dos parques eólicos denominados Baro e Greco, promovidos pola empresa Villar Mir Energía, esixe unha especial atención á participación da sociedade *Recursos de Galicia S.A.*, de natureza público-privada pero cunha participación maioritaria da Xunta de Galicia, que posúe o 30 % do capital social. Esta sociedade está presidida pola conselleira de Economía e Industria, o que reforza o carácter público da súa actuación, malia as afirmacións do Goberno galego que pretenden presentar a entidade como unha sociedade meramente privada.

Segundo advertiu o Consello de Contas de Galicia, *Recursos de Galicia* está suxeita a un grao de "influencia pública significativa", polo que debería transparentar a súa actividade, publicar

CSX REXPO-a-Gwcmwfd-5
Votación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:49:27
Nº Rexistro: 30552
Data envío: 06/08/2025 12:49:27.529

información relativa aos acordos comerciais subscritos e render contas perante a cidadanía. Neste contexto, resulta fundamental esclarecer se se asinou algún acordo de colaboración, memorando de entendemento ou protocolo cos promotores dos parques eólicos Baro e Greco, especialmente co grupo Villar Mir, e cal foi o papel efectivo de *Recursos de Galicia* no desenvolvemento, planificación ou promoción destes proxectos.

A opacidade existente arredor destas actuacións é incompatible cos principios de boa gobernanza, publicidade e participación cidadá que deben rexer o desenvolvemento das políticas enerxéticas e a xestión do patrimonio natural e territorial galego.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Publicar de forma íntegra e accesible a documentación técnica e administrativa relativa á tramitación dos parques eólicos Baro e Greco, incluíndo, entre outra documentación:

- Informes ambientais.
- Estudos de impacto socioeconómico.



CSV REXISTRO: a-Gwcmwfd-5
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:49:27
Nº Rexistro: 30552
Data envío: 06/08/2025 12:49:27.529

- Xustificación da declaración de interese público ou incidencia territorial relevante.
- Contratos ou convenios entre a promotora e a Xunta de Galicia ou entidades instrumentais.

2. Aclarar expresamente se os parques Baro e Greco se atopan dentro das áreas de desenvolvemento eólico recollidas no Plan sectorial eólico de Galicia aprobado en 1997 e modificado en 2002, ou se foron autorizados ao abeiro de normativa posterior que permite a instalación fóra desas áreas.

3. Detallar cal será o modelo de participación cidadá, a distribución territorial dos supostos beneficios sociais anunciados (descontos eléctricos, participación financeira, inserción laboral) e a súa duración e cobertura efectiva.

4. Garantir que a tramitación do novo Plan sectorial eólico de Galicia incorpore criterios de equidade territorial, participación cidadá, beneficio local e respecto polo medio ambiente, suspendendo mentres tanto novas autorizacións fóra das ADEs actuais.

5. Avaliar a idoneidade de empresas promotoras con antecedentes ambientais negativos ou vencellos con proxectos rexeitados como a

CSV REXPO-aGwcmwfd-5
Verificación
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:49:27
Nº Rexistro: 30552
Data envío: 06/08/2025 12:49:27.529

mina de San Finx, e establecer mecanismos de control e exclusión de operadores reincidentes.

6. Facer pública toda a información relativa á participación directa ou indirecta da sociedade *Recursos de Galicia S.A.* na tramitación, promoción ou desenvolvemento dos proxectos eólicos denominados Baro e Greco, incluíndo acordos, memorandos de entendemento, protocolos de colaboración ou participación accionarial.

7. Dar cumprimento ás recomendacións do Consello de Contas de Galicia en relación coa transparencia e o control da actividade da sociedade *Recursos de Galicia S.A.*, facilitando a publicación periódica de información económica, organizativa e contractual, e garantindo a súa suxeición efectiva aos principios de publicidade, responsabilidade e control público.

Parlamento de Galicia, 5 de agosto de 2025

CSV REXISTRO-aGwcmwfd-5
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 06/08/2025 12:37:38

Lara Méndez López na data 06/08/2025 12:37:48

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/08/2025 12:38:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:49:27
Nº Rexistro: 30552
Data envío: 06/08/2025 12:49:27.529

CSV REXPO-aGwcmwfd-5
Verificar
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 12:49:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:49:27
Nº Rexistro: 30552
Data envío: 06/08/2025 12:49:27.529

CSV REXISTRO-a-Gwcmwfd-5
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 21.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 34857(12/PNC-003050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 6 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da posta en marcha da Praza de abastos num.1, de Ourense, e das actuacións para o acondicionamento exterior e outros proxectos vinculados a ela

Publicación iniciativa carácter urxencia, 263f1, 01.10.2025

Por Ramón Fernández Alfonzo

Por Carmela González Iglesias

CSV: REVPG-mTWVP1-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 12:04:55
Nº Rexistro: 34857
Data envío: 26/09/2025 12:04:55.658

Asinado o día 26/09/2025 ás 12:03
Por José Manuel Golp

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Daniel Pérez López, Noa Presas Bergantiños e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre as actuacións necesarias para a posta en funcionamento da Praza de Abastos núm.1 de Ourense.

Asinado o día 26/09/2025 ás 12:03
Por Noa Presas Bergantiños

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola situación de paralización que sofre unha importante infraestrutura necesaria para o desenvolvemento económico e social de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A praza de abastos núm.1 constitúe un dos espazos principais cos que conta Ourense para a distribución e venda de produtos de proximidade e de km.0. En aproximadamente 3.000 m2, repartidos en 179 postos distintos produtores locais comercializaban, principalmente con artigos frescos e de tempada.

A praza de abastos núm.1 de Ourense sitúase na contorna das Burgas, espazo declarado Ben de Interese Cultural, e evidentes valor patrimonial, histórico e monumental, sendo un dos lugares máis visitados polas turistas que recibe a cidade.

Dende hai décadas existían un consenso social na necesidade de reforma e

Asinado o día 26/09/2025 ás 12:03
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 12:04:55
Nº Rexistro: 34857
Data envío: 26/09/2025 12:04:55.658

actualización do edificio da praza de abastos e a súa contorna.

Actualmente, após millóns de euros de recursos públicos investidos e dunha nefasta xestión por parte do goberno local (renuncia ao acondicionamento exterior, implantación de necesarios servizos complementarios, devolución de subvencións concedidas incrementadas co pagamento de xuros das cantidades percibidas...), e coa a reforma da exterior do edificio está practicamente concluída; defectos na execución do proxecto e a ausencia de previsións e actuacións no interior para acomodalo ao destino previsto fai que a infraestrutura siga pechada, sen poder ser usada, e que as comerciantes, contra a súa vontade continúen a desenvolver a súa actividade na Alameda, un dos poucos espazos verdes de lecer cos que aínda conta a cidade de Ourense.

O recente Auto de 24 de setembro de 2025 do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.2 de Ourense polo que se desestiman as medidas cautelares solicitada pola concesionaria da praza, Comerciantes Asociados do Mercado de Abastos nº1 de Ourense SL, fai que como requiriu o Concello sexa esta quen deba presentar un proxecto de adaptación interior, fixando as características dos postos e as necesidades e condicións de cada un deles en canto a instalacións eléctricas, medidas de seguridade, hixiene, accesibilidade... Todo elo sen prexulgar a quen correspondera o financiamento e execución dese proxecto de adaptación.

Malia o tempo transcorrido e os anos de paralización desta importante infraestrutura para o desenvolvemento económico e social de Ourense, nesta altura estamos a falar exclusivamente da redacción do proxecto de adaptación dos postos interiores, polo que unha vez aprobado habería que tratar sobre a execución, e por suposto dos postos exteriores (rianxo) da urbanización e dos servizos complementarios e de accesibilidade á praza.

A incapacidade para a xestión dos recursos públicos por parte do Concello de Ourense non pode seguir prexudicando o desenvolvemento económico e social da cidade





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 12:04:55
Nº Rexistro: 34857
Data envío: 26/09/2025 12:04:55.658

e comarca, privando á cidadanía de espazos públicos, polo que a Xunta de Galiza debe implicarse activamente na adopción e execución das medidas necesarias para a posta en funcionamento da Praza de Abastos, e na adaptación e acondicionamento da súa contorna, de conformidade co previsto hai varios lustros.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a que con carácter urxente e previo diálogo coas Entidades Locais atinxidas e coa asociación de comerciantes da Praza de Abastos núm.1, impulse as actuacións necesarias para a entrada en funcionamento da Praza de Abastos de Ourense, así como a mellora da súa accesibilidade, e o acondicionamento comercial do exterior e a urbanización da contorna consonte ao proxectado no seu día, comprometendo o financiamento a tal fin.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/09/2025 12:03:10
Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2025 12:03:23
José Manuel Golpe Acuña na data 26/09/2025 12:03:35
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/09/2025 12:03:42
Carmela González Iglesias na data 26/09/2025 12:03:49
Ramón Fernández Alfonzo na data 26/09/2025 12:03:58
Daniel Pérez López na data 26/09/2025 12:04:05
Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2025 12:04:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 12:04:55
Nº Rexistro: 34857
Data envío: 26/09/2025 12:04:55.658

CSV REXISTRO-mTwwPAP1-8
Validador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 12:04:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 12:04:55
Nº Rexistro: 34857
Data envío: 26/09/2025 12:04:55.658

CSV REXPO-mTwPAP1-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 21.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 35371(12/PNC-003079)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas co obxectivo de estimular a participación nas subvencións para o impulso da dixitalización e modernización do comercio local e artesanal

Publicación da iniciativa, 265f1, 08.10.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:48:57
Nº Rexistro: 35371
Data envío: 01/10/2025 16:48:57.085

Asinado o día 01/10/25
16:30
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe realizado pola Consellaría de Emprego, Comercio e Emigración, sobre a orde pola que se establecen as bases reguladora para a concesión en réxime de concorrència non competitiva de subvencións para o impulso da innovación e sostibilidade do comercio local e artesanal, código do procedemento CO300C, deixa uns datos preocupantes.

Asinado o día 01/10/2025 ás
16:26
Por Patricia Iglesias Rey

O obxecto da propia orde e a de impulsar a dixitalización, innovación, modernización e sostibilidade ambiental do comercio local e artesanal. E tal como inciden no informe a modernización e fundamental para incrementar a competitividade do sector, ofrecendo produtos de calidade e deseños únicos e personalizados que melloren a experiencia de compra da clientela e contribúan a afianzar o recoñecemento dos establecementos comerciais retallistas e o seu posicionamento no mercado. Así como a dixitalización son retos ineludibles para o sector comercial galego.

Asinado o día 01/10/2025 ás
16:26
Por Lara Méndez López

Estas subvencións enmarcan tres liñas de axudas:

1. Liña de dixitalación e innovación comercial
2. Liña de innovación e
3. Liña de modernización



CSV: REVPG-nTE6VSV-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:48:57
Nº Rexistro: 35371
Data envío: 01/10/2025 16:48:57.086

Para a concesión de estas axudas no ano 2024 destinouse un orzamento de mais de catro millón de euros (4.400.000 €) pero o importe adxudicado foi de 2.074.725,35€ mais da metade quedou sen adxudicar. Na orde do 30 de xaneiro do 2025 publicada o 14 de febreiro do 2025 o importe das axudas e de 3,9M € producindo unha redución de medio millón de euros. Ante os datos do ano 24 e a redución do ano 25 o resultado de esta ano en curso non e moi alentador. E a pesar de isto a xunta so se limitou a redución da contía.

A modernización do sector e un reto ineludible e fundamental para incrementar a competitividade comercial e artesanal, ofrecendo produtos de calidade e deseños únicos e personalizados que melloren a experiencia de compra do cliente e contribúan a afianzar o recoñecemento dos establecementos comerciais minoristas e o seu posicionamento no mercado

Estamos ante un sector que segundo datos da propia Xunta, hai 32.000 establecementos comerciais que dan emprego a 107.000 persoas. Se tomamos estes datos en tendo en conta que os beneficiarios da convocatoria do ano 2024 foron 402 entidades (330 comerciais retallistas e 72 obradoiros artesanais) so se beneficiaron o 1,3 % dos establecementos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo que avalíe a baixa participación e o baixo número de beneficiarios.
2. En función do resultado do informe a tomar medidas correctoras que permitan unha maior participación co conseguinte aumento de establecementos beneficiarios.

Santiago de Compostela, a 1 de outubro do 2025



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 01/10/2025 16:26:11

Patricia Iglesias Rey na data 01/10/2025 16:26:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/10/2025 16:30:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:48:57
Nº Rexistro: 35371
Data envío: 01/10/2025 16:48:57.086

CSV REXPO-n1TE08VSV-2
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 16:48:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:48:57
Nº Rexistro: 35371
Data envío: 01/10/2025 16:48:57.086

CSV REXPO-n1TE08VSV-2
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 21.11.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 38149(12/PNC-003317)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para conseguir a coordinación necesaria co Concello de Vigo co fin de mellorar as condicións e a proxección do Camiño de Santiago nese concello

Publicación da iniciativa, 283f1, 12.11.2025

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García Fernández, Julio García Comesaña, Borja Vereza Fraiz, Cristina Sanz Arias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

O Camiño de Santiago é unha das rutas de peregrinación máis importantes e recoñecidas a nivel mundial, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. O seu percorrido atrae cada ano a miles de peregrinos e turistas, quen busca non só a experiencia espiritual da peregrinación, senón tamén a posibilidade de descubrir o patrimonio cultural, histórico e natural das diferentes localidades que atravesas.

Vigo é a única cidade europea sen sinalización oficial do Camiño de Santiago pola cerrazón do seu alcalde. A Xunta, os Hostaleiros, o Partido Popular de Vigo e toda a cidade reclama a súa instalación pero o alcalde négase a dar permiso para que a Xunta o sinalice.

A cidade de Vigo, como punto de paso do Camiño Portugués, presenta unha oportunidade única para potenciar o turismo e a visibilidade do patrimonio local. Con todo, actualmente a sinalización do camiño nesta cidade é insuficiente, o que pode dificultar a orientación dos peregrinos e restar atractivo á experiencia de percorrer esta ruta.

A falta de sinalización non só afecta os peregrinos, senón que tamén priva a Vigo dos beneficios económicos e culturais que leva o turismo asociado ao Camiño.

A Xunta tivo que recorrer á Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra para instalar a sinalización homologada do Camiño de Santiago en locais hostaleiros de Vigo que se sitúen na ruta do Camiño Portugués da Costa.

A posibilidade de que a Xunta de Galicia instale a sinalización foi rexeitada innumerables veces polo alcalde de Vigo, quen realizou declaracións desafortunadas que minimizan a importancia desta tura e as súas repercusións para a cidade.

Asinado o día 04/11/2025 ás
19:22
Por Alberto Pazos Couñago





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38149
Data envío: 04/11/2025 19:24:33.603

Os datos reflicten que o Camiño Portugués da Costa bate todos os récords con case 75.000 peregrinos en 2024 e máis de 32.000 persoas aloxadas no albergue de Vigo desde 2021.

Unha correcta sinalización do Camiño de Santiago non só facilitaría o tránsito dos peregrinos, senón que tamén contribuíría á promoción do turismo, beneficiando aos comercios locais, a hostalería e a cultura da cidade.

En resumen, é fundamental que o Concello de Vigo tome medidas para recoñecer e apoiar esta ruta histórica, permitindo a sinalización oficial que facilitará o tránsito dos peregrinos e fomentará o turismo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Concello de Vigo para:

1. Permitir a sinalización oficial do Camiño de Santiago ao seu paso pola cidade, coordinándose coa Xunta de Galicia para a instalación de indicadores claros e visibles en puntos estratéxicos.
2. Revisar a postura do alcalde sobre o Camiño de Santiago, promovendo unha comprensión máis ampla dos beneficios culturais e económicos que este ruta achega a Vigo.
3. Fomentar a colaboración entre o Concello, a Xunta de Galicia e as asociacións de hostaleiros e de peregrinos para desenvolver unha estratexia de promoción do Camiño de Santiago en Vigo”

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2025



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/11/2025 19:22:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38149
Data envío: 04/11/2025 19:24:33.603

CSV REXPG-J6SNGIz-0
Visítalo en:
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 19:24:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38149
Data envío: 04/11/2025 19:24:33.603

CSV REXPO-J6SNGIz-0
Validar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

